



PLAN DIXITAL

CEIP DE SAN CLODIO

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

ANEXO 1

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Tipo de Centro	Colexio Público
Código do Centro	27011032
Situación	San Clodio - Ribas de Sil
Provincia	Lugo
Enderezo	San Pedro s/n
Código Postal	27310
Teléfono/Fax	982828219-20 / 982828222
Correo electrónico	ceip.sanclodio@edu.xunta.es

O CEIP de San Clodio é un centro de liña 1, incompleto, no que se oferta INFANTIL e PRIMARIA. Consta de 3 unidades (1 infantil e dúas en primaria), aínda que se está a traballar dende hai dous anos cun desdobre en primaria, de xeito que resultan 3 grupos, os correspondentes a cada un dos ciclos.

O número total de alumnos/as neste curso escolar é de 50, após da matriculación do alumnado procedente de Ucraína unha vez comezado o curso. A distribución dos mesmos é a seguinte:

- 15 Alumnos/as en ED. Infantil.
- 6 Alumnos/as no 1º grupo de Primaria.
- 15 Alumnos/as no 2º grupo de Primaria.
- 14 Alumnos/as no 3º grupo de Primaria.

No tocante ao profesorado, cóntase con:

- Unha mestra de Ed. Infantil
- Unha mestra de PT (titora do grupo 1)
- Unha mestra de Ed. Musical (titora do grupo 2)
- Unha mestra de Inglés (titora do grupo 3)
- Un mestre de Ed. Física (Director do centro)

A maiores, itineran a mestra de relixión (dúas mañás á semana) e a mestra de AL e a orientadora (cada unha unha mañá).

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- **Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro:**

O CEIP de San Clodio está situado na capitalidade do concello de Ribas de Sil, na zona sur da provincia de Lugo, dentro da comarca de Monforte de Lemos, a unha distancia duns 83 qm da capital provincial.

É un centro cunha base económica eminentemente agropecuaria e forestal, con pequenas industrias nas que traballan a maioría das familias, facéndoo outras moitas en localidades limítrofes, no sector servizos ou como autónomos.

Unha porcentaxe moi importante da poboación son maiores de 65 anos, a natalidade diminúe progresivamente, malia que nos últimos anos semella haber unha regresión nesa tendencia, aumentando o número de alumnado do centro considerablemente.

A situación económico-social xeral das familias podería considerarse nun nivel medio ou mesmo medio-baixo.

A mesma consideración se deriva do nivel socio-cultural, predominando os estudos primarios ou medios.

No referente á educación dos seus fillos, a maioría implícanse e colaboran co centro de xeito constante, sendo polo xeral boa a relación escola-familias.

Do mesmo xeito, as relacións dentro do centro son moi boas tanto entre o alumnado como deste co claustro, derivando por tanto nun clima ou ambiente moi favorable para o desenvolvemento dos procesos de ensino-aprendizaxe.

- **Contribución do PD ao Proxecto Educativo e á PXA do curso 22/23**

Tendo en conta o marcado carácter naturalista e de achegamento á natureza e á contorna próxima que se establecen no Proxecto Educativo do CEIP de San Clodio, a contribución da implantación dunha estratexia e un plan dixital EFECTIVOS, poden supoñer grandes melloras no conxunto do proceso educativo.

Son múltiples as ferramentas dixitais aplicables para o coñecemento do medio, tanto próximo como doutros lugares, que se poderían empregar de termos os medios axeitados.

Ademais, o centro posúe experiencia na implementación dun proxecto vencellado coas novas tecnoloxías como é ABALAR, o cal na actualidade se atopa obsoleto e non se emprega nin resulta operativo en absoluto, pero ao que no seu momento sí se lle deu uso.

Na actualidade, estase a estudar a posibilidade de implementación de EDIXGAL, o cal non faría máis que afondar na mesma dirección do presente Plan Dixital.

Con respecto á contribución á PXA do curso 22-23, non se pode falar da contribución á mesma sen estar esta aínda redactada.

1.3. Breve xustificación do mesmo

No referente á contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro, cómpre salientar que este se basea na seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital do centro púxose en marcha un Plan de Formación Permanente do Profesorado, a través do cal se foron executando todos os pasos que se nos ían marcando.

Dito PFPP foi coordinado polo Director do Centro, en colaboración coa coordinadora TIC do centro, quen foi executando as accións marcadas polos coordinadores ADIX.

O funcionamento a nivel organizativo baseouse na realización de xuntanzas de acordo cos requisitos temporais de cada apartado do presente Plan Dixital. Deste xeito, houbo reunións de xeito mensual, quincenal ou mesmo en ocasións semanal.

A maiores, leváronse a cabo actividades formativas dirixidas polos propios mentores ADIX, sendo outras xornadas adicadas ao traballo individual.

A modo de resumo, a folla de ruta foi a seguinte:

- 22/11/21: Reunión co asesor do CFR para tratar as liñas xerais de traballo, calendario de sesións e aspectos organizativos e de xestión da actividade.
- 23/11/21: Presentación do mentor, apertura da conta en SELFIE, elaboración das enquisas e revisión dos equipos do centro.
- 01/12/21: Realización das enquisas, tanto por parte do profesorado como do alumnado.
- 03/02/22: Reunión para o deseño e implementación do PD.
- 10/02/22: Realización do Test CDD.
- 17/03/22: Instrucións para a realización do DAFO en base ás enquisas.
- 04/04/22: Items do DAFO e obxectivos e plan de acción do PD.
- 29/04/22: Redacción do plan de acción.
- 26/05/22-31/05/22: Elaboración do PD.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

No seguinte punto preténdese facer unha breve exposición do equipamento e servizos dos que se dispoñen no momento da elaboración deste Plan.

A **nivel xeral**, o centro conta con conexión á rede no total das súas instalacións, agás no pavillón polideportivo.

Con respecto ao **equipamento**, o centro consta de:

- *Unha aula Abalar, con rede propia, ultraportátiles (obsoletos e inutilizables) na cal ademais se posúe un ordenador portátil para o mestre (moi antigo e en malas condicións), unha pantalla dixital (que unicamente se emprega como elemento sobre o que proxectar, posto que non funciona) e un proxector (único elemento “rescatable” da aula).*
- *Nas 3 aulas restantes, dispónse en cada unha delas de ordenador (2 portátiles e un de sobremesa) con proxector e pantalla dixital.*
- *A biblioteca conta con 3 equipos informáticos, dos cales unicamente se pode empregar un, posto que os outros dous non funcionan.*
- *Na sala de mestres existe un equipo en funcionamento, que a finais de curso será cambiado polo de dirección.*
- *No despacho de dirección o equipo informático está obsoleto e dificulta moito calquera labor cotiá.*
- *A maiores, temos dúas fotocopiadoras, unha unicamente para as copias en branco e negro; e outra que o pode facer a cor tamén. É preciso engadir que no despacho de dirección hai outra fotocopiadora de pequenas dimensións e escasa funcionalidade.*

No tocante aos **servizos dixitais educativos**, unicamente se pode facer mención da páxina web do centro, a aula virtual vencellada a esta e a aplicación de mensaxería Abalarmóbil.

Todo este equipamento e infraestrutura dixital foi revisado no presente curso académico por un técnico especialista externo contratado polo centro, quen deu conta de todo o anteriormente exposto, e quen verificou a necesidade de facer renovación da maioría do equipamento posto que non é operativo nin funcional.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Resumo das áreas do informe SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas
-------	--------	------------

		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	1,8				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	0				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	3				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	1,7				
	Profesorado	3				
	Alumnado	3,5				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado	0				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	0				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3				
	Alumnado	3,8				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,6				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado	0				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,9				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	3,2				

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	2	2	100%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	0	0	=
DESPRAZADO	0	0	=

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
84,6	INTEGRADOR/A (B1)	76,5	INTEGRADOR/A (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	77,3	INTEGRADOR/A (B1)	68,2	INTEGRADOR/A (B1)
PRI	78	INTEGRADOR/A (B1)	77	INTEGRADOR/A (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	2	40%

B1	<u>1</u>	<u>20%</u>
B2	<u>2</u>	<u>40%</u>
C1		
C2		
TOTAL	<u>5</u>	<u>100%</u>

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver. É o seguinte:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Existencia de espazo susceptible de ser empregado para as TIC Acceso a internet, pantallas e proxectores en tódalas aulas	Equipos obsoletos e desactualizados Carencia dunha boa conexión á rede Falta de espazos específicos para as TIC
	PERSOAL DOCENTE	Persoal con interese pola formación en materia de novas tecnoloxías Persoal implicado e colaborativo Persoal que procura, selecciona e elabora materiais empregando as TIC con frecuencia	Cadro de persoal moi inestable (apenas definitivos) Falta de tempo para a realización de formacións ao respecto Descoñecemento en materia de xestión e protección
	PERSOAL NON DOCENTE	Non se contempla	Non se contempla
	ALUMNADO	Alumnado responsable no uso das TIC Alumnado motivado polo traballo con TIC	Alumnado pouco competente no uso de ferramentas de edición de texto Alumnado sen competencia no uso de ferramentas de correo electrónico Alumnado con dificultades á hora de procurar e seleccionar información
	FAMILIAS	Familias con actitude colaboradora e abertas a propostas diferentes Certa porcentaxe das familias cin interese e competencia no uso das novas tecnoloxías	Familias, en xeral, pouco competentes no uso das novas tecnoloxías. Alta porcentaxe das mesmas pouco interesados na formación en TIC Sectores con mala ou mesmo inexistente conexión á rede
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Existencia dunha canle comunicativa coa comunidade educativa Participación na formación referida á implementación do Plan Dixital	Inexistencia dunha estratexia dixital Falta de sesións formativas no eido das novas tecnoloxías Equipos sen as actualizacións pertinentes e que non usan software libre

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Existencia de programas e plans vencellados coas TIC	Cadro de persoal moi inestable Excesiva burocracia esixida que ocupa gran parte do tempo Falta de resposta ante a petición de recursos
	LEXISLACIÓN		Descoñecemento da base legal por parte do conxunto da comunidade educativa
	CONTORNA	Inclusión do concello na listaxe de Xeoparque mundial da Unesco, co cal se pretende reactivar a actividade/recursos da contorna Concello colaborador e aberto a propostas por parte do centro	Falta de oportunidades/recursos por ser unha contorna rural Falta de interese por parte da poboación en xeral polas TIC
	ANPA	Nova configuración da directiva da ANPA, aberta á participación	Actividades ofertadas exclusivamente deportivas e artísticas
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

O Plan de Acción constitúe a ferramenta fundamental de seguimento da evolución do Plan Dixital, posto que nel se plasman os obxectivos e liñas prioritarias de actuación. É preciso facer fincapé en que eses obxectivos deben ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e temporalizados; ademais de seren especialmente encamiñados cara a mellora do uso que se fai dos recursos dispoñibles.

Atendendo ao pretexto de que o Plan Dixital deberá ser revisado e reformulado de xeito anual, tendo en conta os recursos materiais e humanos existentes no momento da súa elaboración, achégase a continuación o Plan de Acción do curso 22-23.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para reflectir de xeito conciso e claro a información recollida neste apartado, así como para facilitar o seguimento da evolución de cada un dos obxectivos, móstranse as seguintes táboas:

Obxectivo 1

"Área/s de mellora": INFRAESTRUTURA DIXITAL						
1. OBXECTIVO (1):	Actualizar, poñer a punto e/ou renovar os equipos informáticos do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de ordenadores actualizados ou substituídos por uns novos					
Valor de partida (3)	9 equipos sen actualizar (0/9)					
Valor previsto e data (4)	Actualización de 5 equipos e adquisición de 2 novos (7/9)			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Comprobar o estado dos equipos por parte dun especialista	Equipo directivo	01/11/2022	Técnico especialista		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Actualizar os equipos que o precisen	Equipo directivo	20/12/2022	Técnico especialista		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Solicitar por escrito novos equipos	Equipo directivo	20/06/2023	Informe de necesidade		Realizada	
AO1.4: Adquirir novos					Aprazada	

equipos					Pendente	
---------	--	--	--	--	----------	--

Obxectivo 2

"Área/s de mellora": INFRAESTRUTURA DIXITAL						
2. OBXECTIVO (1):	Implementar un sistema informatizado de rexistro de comidas para o alumnado de EI				Acadado	
RESPONSABLE:	Encargado e responsable de comedor				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Implementación ou non do sistema					
Valor de partida (3)	Sen implementar (0/1)					
Valor previsto e data (4)	Sistema en funcionamento (1/1)				01/10/2022	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Estudiar e procurar que sistema informatizado se empregará	Encargado e responsable de comedor	20/09/2022	Acceso á rede e aplicacións Equipos dispoñibles para o fin proposto (tablets)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Adaptar/crear o recurso para a recollida de datos	Encargado e responsable de comedor	01/10/2022	Acceso á rede e aplicacións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Adaptar/crear o recurso para o acceso das familias aos datos	Encargado e responsable de comedor	01/10/2022	Acceso á rede e aplicacións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Obxectivo 3

"Área/s de mellora": PRÁCTICAS DE ENSINO-APRENDIZAXE						
3. OBXECTIVO (1):	Posta en marcha dunha actividade extraescolar vencellada co uso das novas tecnoloxías				Acadado	
RESPONSABLE:	Consello Escolar				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Posta en marcha da actividade e porcentaxe de participación					
Valor de partida (3)	Inexistencia da mesma					
Valor previsto e data (4)	Participación dun 30% do alumnado de EP			01/10/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Realizar a xuntanza do CE para posta en marcha da proposta	Equipo directivo	20/12/2022	Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Procurar os espazos e recursos necesarios para a actividade	Consello Escolar	20/05/2023	Aula de informática e formador/a		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Temporalizar e poñer en marcha a mesma	Consello Escolar	01/10/2023	Aula de informática e formador/a		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Obxectivo 4

"Área/s de mellora": PRÁCTICAS DE ENSINO-APRENDIZAXE						
4. OBXECTIVO (1):	Realizar actividades de formación, por parte do profesorado, en materia de novas tecnoloxías				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Posta en marcha dun PFPP sobre robótica ou similar/ Porcentaxe de participación					
Valor de partida (3)	Inexistencia do mesmo					
Valor previsto e data (4)	Participación dun 80% do profesorado			10/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Xuntar ao claustro para dirimir a temática concreta do PFPP.	Equipo directivo	10/10/2022	Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Contactar co CFR de referencia para a posta en marcha do PFPP	Equipo directivo/ CFR	10/11/2022	CFR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Realizar o PFPP	Profesorado participante e formadores	10/15/2023	Equipos informaticos e formadores especializados na temática escollida		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

De acordo co establecido no plan de estratexia dixital 20/30, son dous os eixos estratéxicos sobre os que se debe incidir e, polo tanto, os que deben ser abordados dende o Plan Dixital.

O primeiro fala de **“Fomentar o desenvolvemento dun ecosistema educativo dixital de alto rendemento”**; facendo o segundo referencia a **“perfeccionar as competencias e capacidades dixitais para unha verdadeira transformación dixital”**.

É por tanto fundamental que o equipamento e as infraestruturas tecnolóxicas do centro sexan as axeitadas para propiciar que ámbolos dous eixos se acaden, feito que na actualidade non se cumpre.

De igual modo que se fixo para o establecemento dos obxectivos, é oportuno delimitar unhas prioridades de cara a este curso 22-23.

Neste caso, unicamente se vai a concretar unha necesidade, xa que é, por moito, o aspecto máis prioritario sobre o que incidir.

Como se comentou en anteriores apartados, adicados ao estudo e análise do estado actual do centro, a cantidade de equipos obsoletos é tal, que impiden o normal desenvolvemento da actividade diaria. Deste xeito, labores de administración eternízanse e mesmo non poden ser executadas máis que con equipamento persoal dos docentes. O mesmo acontece coa actividade de aula habitual, na cal os docentes se vén obrigados á realización de tarefas analóxicas pola absoluta imposibilidade de facer un uso eficaz dos medios dixitais dispoñibles.

Ante esta situación, a necesidade principal do centro neste eido é clara: **Equipamento actualizado e eficaz, que poida ser empregado e que non supoña un atranco nin un afondamento na fenda dixital existente.**

De xeito máis concreto, precísase, cando menos:

- Un equipo informático para a dirección.
- Un equipo informático para cada unha das 4 aulas do centro.

4. Avaliación do plan

Como acontece con calquera outro plan ou proceso que se execute, é preciso facer un seguimento e avaliación do grao de desenvolvemento do mesmo, coa finalidade de adaptar, mellorar e corrixir aqueles aspectos precisos para a consecución dos obxectivos.

Neste caso, o procedemento para o seguimento do desenvolvemento do Plan levarase a cabo do seguinte xeito:

- Farase unha **avaliación procesual** unha vez ao trimestre, na cal se avaliará o estado da execución das accións, analizaranse e valoraranse os resultados acadados e, de ser o caso, faranse modificacións e propostas de mellora.
- De mesmo xeito, será precisa unha **avaliación final**, realizada ao rematar o curso escolar, onde se valorará o logro dos obxectivos, se farán propostas de mellora, e se iniciará a análise de cara á redacción do Plan do vindeiro curso.

5. Difusión do plan

O presente Plan Dixital será público e consultable polo conxunto da comunidade educativa. Para dita finalidade, figurará na Páxina Web do centro xunto co resto de documentación, sendo ademais posible acceder a el de xeito físico no propio centro escolar.

ANEXO 1

INVENTARIO EQUIPOS DO CEIP DE SAN CLODIO

Equipo de dirección: HP Compaq (expediente ED-05/10 SU) do **2010**, con windows vista.

Equipos da biblioteca:

- HP pro (expediente ED-05/10 SU) do **2010**, con windows 7.
- HP Compaq (expediente ED-05/10 SU) do **2010**, con windows vista.
- Dell (expediente SX/11/06) do **2006**.

Equipo da aula do grupo 3: Probook abalar 6550B (expediente 040/11 ED24) do **2011**.

Equipo da aula do grupo 2: HP Prodesk (34/16), do **2016**.

Equipo da sala de mestres: HP Prodesk (34/16), do **2016**.

Os equipos da aula do grupo 1 e a de infantil son de adquisición propia do centro, non aportados pola consellería.